



**Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción:
"Acceso ao Parque Empresarial de Lebozán (Conexión OU-212)", de clave: OU/19/024.06.**

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste fundamentalmente en executar a conexión da estrada interior de acceso ao parque empresarial de Lebozán (Concello de Beariz) coa estrada OU-212, entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 1+542 e 1+771 na súa marxe esquerda, coa finalidade de darlle operatividade ao parque.

Esta conexión reflicte a proposta contemplada no Plan Especial de Creación de Solo Industrial no Concello de Beariz, provincia de Ourense, desenvolvendo a solución prevista no Informe de Sustentabilidade Ambiental do citado plan especial.

As actuacións que se recollen no proxecto son as seguintes:

- Deseño dunha intersección que permite todos os movementos con cuñas de aceleración e deceleración, e un carril central de espera para os xiros dende a OU-212 cara ao futuro parque empresarial.
- Realización das correspondentes obras de drenaxe superficial.
- Mellora do firme, e renovación da sinalización horizontal e vertical, do balizamento e das defensas.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 26, do 7 de febreiro de 2020, publicouse o Anuncio do 21 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: "Acceso ao Parque Empresarial de Lebozán (Conexión OU-212)", de clave: OU/19/024.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.-De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública: "Acceso ao Parque Empresarial de Lebozán (Conexión OU-212)", de clave: OU/19/024.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario





XUNTA
DE GALICIA

Edificio Administrativo de San Caetano
3781 Santiago de Compostela
tel.: 981 544 564
fax.: 981 544 543
infraestructuras.cim@xunta.gal

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

axencia galega
de infraestructuras **axi** galicia

Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

